

**EIXO DE MOBILIDADE SOSTIBLE  
VIGO-NIGRÁN NA PO-325**

**CLAVE: PO/22/211.06**

## 1. Obxecto da Actuación

O trazado obxecto do presente documento engloba as actuacións necesarias para execución dunha senda peonil-ciclista na PO-325 dende o P.K 0+700 ao 14+000, entre o Concello de Vigo e o Concello de Nigrán, na provincia de Pontevedra.

## 2. Plan de Estradas

A estrada PO-325, trátase dunha estrada convencional que pertence a Rede Local da Xunta de Galicia.

## 3. Descrición da Actuación

As actuacións a desenvolver consisten na execución dunha senda peonil-ciclista, na que os criterios para o seu trazado axustáronse á realidade do existente en campo, máis que a criterios puramente xeométricos. En todo o treito mantívose a rasante da estrada existente, e non se contempla unha intervención sobre o trazado da estrada, senón unha redistribución da sección para habilitar os itinerarios con todos os seus elementos funcionais necesarios.

## 4. Características técnicas

Lonxitude do treito: 13,30 km

As actuacións propostas serán as seguintes:

- **Movemento de terras:** Retirada de elementos de equipamento urbano. Traslado de elementos de anuncios, caixas de correos e marqueseñas. Desmorte de varandas. Tallado e destocnado de árbores existentes. Demolición de firme bituminoso nas zonas de implantación de novos itinerarios. Demolición de beirarrúas. Fresado de firme para estendido de novas capas.

### - Interseccións:

- Mantense a xeometría das vías coas que interseca a senda.
- Proxéctanse pasos peonís sobreelevados nas interseccións.
- Deséñanse dúas novas glorietas nos P.K 2+650 e 14+650,

### - Sección tipo:

- Senda mixta: 3,00 m (estreitamentos puntuais condicionados por estruturas ou edificacións)
- Naquelas zonas onde se dispón dun ancho de paso suficiente realizouse a implantación de zonas estanciais para o descanso dos usuarios. Disporase de arbolado e mobiliario (bancos, papeleiras e aparcabís).
- Nos P.K 2+600, 3+800 e 12+500 dispóñense 3 áreas de transferencia entre vehículo e bicicleta, onde se pode aparcarse o vehículo e continuar o paseo en bicicleta.
- En diversos puntos do trazado onde polas condicións topográficas ou existencia de edificacións, non é posible a ampliación da plataforma, reordenouse a sección transversal, diminuíndo o ancho do carril para vehículos ata un mínimo estriado de 3,00 m.

- **Estruturas:** 7 muros de dique de perpiaño de altura variable entre os 1,50 e 3,50 m.

- **Aparcadoiro** no P.K 12+540.

### - Firmes e pavimentos:

- Zonas onde é necesario ampliar a plataforma ou cambiar o trazado: 5 cm fresado do firme actual + rega de adherencia con emulsión C60B3 TER + 5cm capa de rodaxe de MB AC16 surf S 50/70 (S-12) + repintado da sinalización horizontal.
- Zona de execución das novas glorietas e ramal camiño de Verdeal: 20 cm saburra artificial tipo ZA-20 + rega de imprimación con Emulsión C60BF4 IMP + capa intermedia de 10 cm de MB AC22 bin S 50/70 (s-20) + rega de adherencia con Emulsión C60B3 TER + 5 cm capa de rodaxe de MB AC16 surf S 50/70 (S-12).
- Senda compartida:
  - ◆ En treitos onde se apoia sobre a senda actual: 20 cm pavimento continuo de formigón HF-3,5 de central.
  - ◆ En treitos onde se amplía ou se fai trazado novo: 20 cm de saburra artificial + 20 cm de pavimento continuo de formigón HF-3,5 de central.
- Beirarrúas e zonas estanciais: 16 cm de pavimento continuo de formigón de central HF-3,5.
- Límetes, bordos, separadores e encintados: Beirarrúas: bordo tipo senda prefabricado. Glorietas: bordo de formigón remontable. Separador de aparcadoiro e beirarrúas: bordo de formigón colocado sobre 10 cm de base de formigón.
- Aparcadoiros: 20 cm de saburra artificial ZA-20 + 20 cm de formigón HF-3,5.

- **Iluminación:** as luminarias estarán situadas entre os 4 e 5 metros de altura. A separación entre elementos depende do tipo e da potencia da mesma.

- **Drenaxe:** os treitos discorren por treitos urbanizados onde existe sistema de recollida de augas pluviais, de maneira que se reporán os sumidoiros existentes deteriorados ou se adaptará a súa cota a nova rasante da senda.

- **Acondicionamento de sendas existentes:** dende o P.K 13+900 ao 14+940 realizaranse as seguintes actuacións puntuais: Mellora dos pavimentos existentes. Mobiliario urbano (bancos, papeleiras, ). Reforzo da iluminación en cruces e zonas de sombra. Mellora de cruces para dar preferencia peonil ou ciclista. Mellora da sinalética para orientar e informar sobre distintos destinos na cidade. Limitación de velocidade nas contornas ciclo-peonís a 30 Km/h. Zonas de estacionamento de vehículos de mobilidade persoal.

## 5. Principais unidades de obra

- Sumidoiro clase D-400 de 0,50 x 0,30 m	275 ud
- Recorte de pavimento ou firme	13.400,00 m
- Demolición por medios mecánicos de firme bituminoso	8.589,60 m <sup>3</sup>
- Fresado de pavimento existente	112.900,00 m <sup>2</sup>
- Formigón bituminoso en quente AC 16 Surf 50/70 D	3.574,86 tn
- Formigón bituminoso en quente AC 22 Bin 50/70 S	2.053,75 tn
- Betume asfáltico 50/70	281,45 tn
- Pavimento de formigón HF-3,5 con maiazo (e=20 cm)	40.740 m <sup>2</sup>
- Pavimento de formigón desactivado	1.695,00 m <sup>2</sup>
- Bordo tipo senda prefabricada	3.800,00 m
- Bordo de granito de sección 22x20	500,00 m
- Pretil metálico nivel H2	838,50 m
- Formigón HA-30 en cementos	163,52 m <sup>3</sup>
- Recrecido de pozos ou arquetas incluído tapas	494 uds
- Muro de escolleira colocada con bloques de 1.000 kg a 3.000 kg	559,75 m <sup>3</sup>
- Repintado de báculo de iluminación	76 uds
- Báculo H=9 m	18 uds
- Reforzo lumínico en pasos de peóns mod. Prudenza ou similar	18 uds

## 6. Poboación Servida

Vigo 300.997 hab. Nigrán 18.045

**TOTAL: 319.042 hab. (IGE 2023)**

## 7. Concellos Afectados

Vigo e Nigrán.

## 8. Expropiacións

Parcelas afectadas: 26 pertencentes ao concello de Vigo e 11 pertencentes ao concello de Nigrán.

Expropiación de terreos	265.177,00 €
Bens Afectados	56.835,00 €
Premio de afección	16.100,60 €
<b>TOTAL</b>	<b>338.112,60 €</b>

## 9. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de DEZAQOITO (18) meses.

## 10. Orzamentos


<b>Orzamento Base de Licitación (c/IVE)</b>	<b>4.584.877,11€.</b>
<b>Orzamento expropiacións</b>	<b>338.112,60 €</b>
<b>Orzamento para servizos afectados tit. Privada</b>	<b>90.000,00 €</b>
<b>Orzamento para coñecemento da administración</b>	<b>5.012.989,71€.</b>

PLANO DE SITUACIÓN



SECCIÓNS


SECCIÓN TIPO: ÁREA ESTANCIAL + SENDA CARRIL LENTO




SECCIÓN TIPO (P.K 0+820 - 1+370)




SECCIÓN TIPO: VÍA SE SERVICIO A DESNIVEL (P.K 2+940 - 2+970)



SECCIÓN TIPO: SENDA EN ESTRUTURA



SECCIÓN TIPO: VÍA SE SERVICIO



SECCIÓN TIPO: SENDA EN ESTRUTURA EN BARREIRA URPEDA (P.K 8+800 / 11+430 - 11+500)

